

CIRCULAR 13/2006, DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS, POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS SOBRE A ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DOS CENTROS EPA E DOS INSTITUTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA QUE IMPARTAN ENSINANZAS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE PERSOAS ADULTAS A DISTANCIA NO CURSO 2006/2007.

A Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de persoas adultas da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a educación e promoción de persoas adultas adoptará as modalidades presencial, semipresencial e a distancia, e que esta última irá dirixida preferentemente á poboación adulta con dificultades de desprazamento ou de asistencia.

A Orde do 26 de maio de 1997 (DOG do 15 de xullo) regula a ensinanza básica para as persoas adultas e establece a súa estrutura e o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia para que o alumnado adulto poida obter o título de graduado en educación secundaria, que o facultará para acceder a estudos posteriores de bacharelato e de formación profesional específica de grao medio.

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo (DOG do 13 de abril), polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros, establece as ensinanzas conducentes ao título de graduado en educación secundaria, ou nivel III, como oferta educativa prioritaria para esta modalidade educativa, dada a súa especial significación para a promoción persoal, social e laboral das persoas adultas.

En cumprimento do establecido e para posibilitar o acceso a estas ensinanzas a todas as persoas adultas que así o desexen, pola Orde do 25 de xuño de 1999 (DOG do 12 de xullo) ordénanse as ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas na modalidade de educación a distancia.

Mediante a Orde do 8 de maio de 2002 (DOG do 4 de xuño) régúlase a autorización de ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas na modalidade a distancia en centros EPA e institutos de educación secundaria.

Cómpre, xa que logo, regulamentar determinados aspectos que afectan á organización e ao funcionamento dos centros docentes públicos autorizados, que permitan unificar as diferentes actuacións. En consecuencia, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais resolve ditar as seguintes instrucións para o curso 2006/2007.

Primeira.- *Condicións de acceso*

Poderán matricularse en educación secundaria para persoas adultas na modalidade de educación a distancia todas as persoas maiores de 18 anos, ou que os cumpran antes do 31 de decembro do curso escolar no que se matriculan, e aquelas que, non tendo cumpridos os 18

anos, sexan autorizadas pola delegación provincial que corresponda cando acrediten suficiente e documentalmente algunha das seguintes circunstancias:

- a. Non poder asistir regularmente a un centro ordinario na modalidade presencial por enfermidade ou discapacidade física.
- b. Estar interno nunha institución penitenciaria.
- c. O alumnado que acredite cursar ou ter cursado un programa de garantía social.
- d. Desempeñar unha actividade laboral xustificada con documentación fidedigna da empresa e a alta na seguridade social, ou acreditar o compromiso para realizar un contrato en prácticas nunha empresa.
- e. Cando concorran outras circunstancias de carácter extraordinario distintas das sinaladas anteriormente, para acceder a estas ensinanzas deberase contar co informe favorable do Servizo de Inspección Educativa da delegación que corresponda.

Segunda. *Organización das ensinanzas*

1. Os centros autorizados para impartir ensinanza a distancia ofertarán de forma simultánea todos os módulos dos distintos ámbitos de educación secundaria a distancia organizados por cuatrimestre.
2. Para o curso 2006/2007, a organización destas ensinanzas plasmarase nun documento que complementará a programación xeral anual.
3. Dadas as características da educación a distancia, o alumnado utilizará como referente curricular os materiais didácticos que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determine como axeitados para esta modalidade educativa.
4. Igualmente, os alumnos e as alumnas contarán para o desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe cun apoio tutorial. Este apoio poderá ser presencial ou a distancia, para facilitar o proceso de aprendizaxe.

Terceira. *Centros autorizados para impartir educación secundaria a distancia*

1. Os centros EPA e os institutos de educación secundaria autorizados para impartir esta modalidade de educación secundaria para persoas adultas responsabilizaranse do almacenamento e da distribución do material didáctico específico, así como do arquivo e da custodia das actas de avaliación, expedientes académicos, libros de escolaridade e canda documentación se emita en relación co alumnado matriculado na referida modalidade.
2. Os materiais didácticos editados pola Consellería de Educación poderánselle facilitar ao alumnado de educación a distancia de forma gratuíta. Unha vez rematado o curso, o alumnado que recibiu materiais escritos de forma gratuíta deberá deixar no centro, en boas condicións de uso, todo o material facilitado.

3. No caso do alumnado, escolarizado en ensinanzas de adultos presenciais, para cambiar de centro e modalidade de ensinanza, desde o novo centro, deberá solicitarse ao centro de orixe o expediente académico e o libro de escolaridade correspondente.

Cuarta. Matrícula

1. O prazo de matrícula para a educación secundaria de persoas adultas a distancia iniciárase no mes de setembro de 2006 e no mes de xaneiro de 2007, e permanecerá aberto durante todo o ano académico. Para o alumnado de nova incorporación que non acredite estudos, na primeira semana de outubro de 2006 e na segunda semana de febreiro de 2007 realizaranse, baixo a supervisión da inspección educativa as probas de avaliación inicial. As referidas probas permitirán a correcta adscrición aos diferentes módulos cando o alumnado procedente de sistemas educativos anteriores non acredite estudos. Para o alumnado que solicite a matrícula con posterioridade ás datas establecidas para a avaliación inicial, a dirección do centro xunto coa inspección educativa establecerán novas datas de avaliación inicial, procurando non interferir na actividade docente e cos mesmos criterios establecidos anteriormente.
2. Os alumnos e as alumnas deberán posuír o material didáctico específico destas ensinanzas recomendado polo centro e, aqueles que non o posúan deberán comprometerse á súa adquisición.
3. Os alumnos e as alumnas de educación secundaria a distancia poderán matricularse de ata un máximo de catro módulos encadrados nos ámbitos de coñecemento, e será requisito indispensable, dentro de cada ámbito, obter avaliación positiva do módulo anterior para poder ser avaliado do seguinte.
4. O alumnado matriculado en educación a distancia será considerado para todos os efectos alumnado oficial do centro, polo que terá dereito á utilización dos seus servizos e das súas instalacións.

Quinta. Tutorías

1. As tutorías organizaranse de forma presencial e a distancia. As presenciais serán colectivas, e a asistencia, para o alumnado será de carácter voluntario. Non obstante, o profesorado deberá fomentar a participación nelas desenvolvendo as aprendizaxes establecidas no currículo de cada ámbito, con especial énfase nos contidos procedementais e actitudinais.
2. O xefe de estudos das ensinanzas para persoas adultas elaborará o horario xeral das tutorías tendo en conta a dispoñibilidade de locais e de profesorado, o número de grupos de alumnos de cada ámbito, así como os seguintes criterios:
 - Procurar unha oferta horaria múltiple e flexible que posibilite a asistencia do alumnado.
 - Establecer un horario flexible, de mañá e tarde, co fin de que cada alumno poida inscribirse no grupo que mellor se adapte ás súas posibilidades.

- Cando a dispoñibilidade de locais e persoal o permita, establecerase unha hora semanal de tutoría para cada módulo dos diferentes ámbitos de coñecemento nos que se conte con alumnado suficiente.
3. Ao inicio do curso, farase público o horario de tutorías no que se especificará a data e a hora das tutorías planificadas para cada ámbito de coñecemento, o programa de actividades, o calendario de avaliacións e toda aquela información que poida ser de interese xeral para o alumnado.
 4. A atención tutorial realizaraa o equipo didáctico que se constitúa para impartir estas ensinanzas, e que estará integrado polo xefe de estudos para as ensinanzas de persoas adultas e o profesorado que imparta docencia nos diferentes módulos de cada ámbito.
 5. A aqueles alumnos que non desexen ou non poidan asistir ás tutorías presenciais facilitaráselles a posibilidade da tutoría a distancia polos medios que se poidan establecer dende o centro (corro electrónico, información web, etc.). A dirección do centro, por proposta do xefe de estudos, nomeará entre o profesorado que imparta a modalidade de educación a distancia un coordinador das tutorías, para o que poderá ter unha dedicación horaria semanal de dúas horas.

O coordinador das tutorías a distancia elaborará un calendario para a distribución e recollida de actividades que lle entreguen os distintos profesores.

Sexta. Profesorado

1. A atención tutorial a distancia realizarana preferentemente os profesores e as profesoras do centro con dedicación docente ás ensinanzas para as persoas adultas na modalidade presencial.

Cando as circunstancias así o aconsellen e o profesorado teña dispoñibilidade horaria, a inspección educativa poderá autorizar o incremento das horas de atención presencial nalgún ámbito de coñecemento.
2. Os horarios para a atención individualizada a través do teléfono, correo electrónico e correspondencia ordinaria serán consideradas horas lectivas para os efectos desta modalidade educativa, polo que deberán distribuírse no horario de cada profesor de luns a venres, ambos días incluídos.
3. Os profesores titores da modalidade de educación a distancia usarán como materiais didácticos os establecidos para o efecto pola Consellería de Educación, sen prexuízo da utilización de calquera material de apoio que consideren idóneo para tratar determinados aspectos ou contidos dos programas deseñados para esta modalidade.

Sétima. Xefatura de estudos

Ademais das funcións establecidas na normativa aplicable aos institutos de educación secundaria, a xefatura de estudos para as persoas adultas terá as seguintes funcións nesta modalidade a distancia:

- Convocar reunións co profesorado titor de cada ámbito de coñecemento cando cumpra e, en todo caso, ao inicio de curso para planificar e programar as actividades docentes e facer entrega do horario previsto para o ano académico e dos recursos didácticos.
- Elaborar o calendario e o horario das titorías, e das probas de avaliación, segundo o establecido no punto 13 da instrución.
- Dar información sobre os aspectos seguintes:
 - a) Profesores titores de cada ámbito de coñecemento.
 - b) Aspectos didácticos e metodolóxicos desta modalidade.
 - c) Horario de titorías, tanto individuais como colectivas, para cada área e ámbito.
 - d) Aulas asignadas para as ensinanzas de educación a distancia.
 - e) Horario de coordinación do xefe de estudos.
 - f) Recursos didácticos que se utilizarán.
- Recibir e almacenar o material didáctico, e coordinar a súa distribución ao alumnado.
- Comunicar aos alumnos e ás alumnas que se acollan a este tipo de titoría as datas das probas de avaliación fixadas polo centro e manterá un contacto frecuente con eles, orientando o seu traballo e facilitando a súa relación co resto do profesorado. Todas as actividades realizadas polo coordinador quedarán recollidas documentalmente para incorporar á memoria de fin de curso.
- Coordinar o desenvolvemento das probas de avaliación e convocar e presidir as xuntas de avaliación.
- Despois de cada sesión de avaliación, coordinar o envío de información por escrito sobre os resultados obtidos a todo o alumnado.

Oitava. *Orientación académica e profesional*

O departamento de orientación, con competencia en cada centro, propondrá actividades para favorecer o desenvolvemento de condutas vocacionais que contribúan á mellora ou recualificación profesional ou á incorporación ao mercado laboral das persoas adultas. Para tal fin, estableceranse dúas titorías por cuadrimestre, das que se responsabilizará o xefe ou a xefa de departamento, así como da realización de propostas que permitan a integración da orientación profesional nos diferentes ámbitos de coñecemento.

Novena. *Recursos didácticos*

1. Os recursos didácticos ou materiais curriculares para o alumno abrangerán copia en CDs dos textos elaborados pola Consellería de Educación para estas ensinanzas e o caderno de

actividades.

2. Desde a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais remitiranse en formato electrónico os recursos didácticos dispoñibles, que se poderán facilitar ao alumnado de forma gratuíta. O referido material tamén se pode consultar no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
3. Cando se lle facilite ao alumnado materiais didácticos en formato escrito, deberá establecerse un compromiso de reintegro do material en bo estado de uso ao remate do período de escolarización para o que foi cedido.

Décima. *Seguimento estatístico do alumnado*

O seguimento estatístico do alumnado será realizado a través dunha ficha de seguimento específica. En todo caso, logo de cubrir os documentos de recollida de datos (DRD) que para tal efecto envía a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, remitirase copia ao Servizo de Educación de Adultos.

Undécima. *Atención do alumnado recluso en centros penitenciarios*

1. As persoas adultas internas en centros penitenciarios que desexen cursar estas ensinanzas na modalidade de educación a distancia recibirán atención tutorial facilitada desde o centro específico de educación de persoas adultas autorizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
2. Correspóndelle ao xefe de estudos de adultos a coordinación da atención a este alumnado, para o que se aterá ao seguinte:
 - a. No mes de outubro, o xefe de estudos manterá unha reunión co coordinador do centro penitenciario para coñecer o número de posibles alumnos de cada nivel educativo e informalos sobre o sistema de ensinanza para as persoas adultas, a modalidade da educación a distancia e as condicións de formalización da matrícula, da que deixará a documentación necesaria.
 - b. Posteriormente, o profesorado titor da modalidade a distancia realizará unha visita ao centro penitenciario para organizar co alumnado o plan de traballo para o curso, que deberá incluír un sistema mixto de titorías presenciais e por correspondencia ou medio autorizado.
 - c. Ao finalizar o primeiro cuatrimestre, o profesorado que corresponda efectuará outra visita ao centro penitenciario para avaliar os rendementos logrados e proporalle a cada alumno ou alumna, de ser necesario, actividades de reforzo e recuperación. Este mesmo proceso seguirase no segundo cuatrimestre, así como nas probas finais para os alumnos ou as alumnas que proceda.
 - d. Coa finalidade de facilitar unha atención adecuada ás necesidades educativas do

alumnado, o xefe de estudos establecerá o horario de titorías presenciais que corresponda e estableceranse contactos periódicos cos profesores do centro penitenciario para facilitar a función docente. Destas actividades levantarase acta con indicación de asistentes e acordos tomados, que será custodia polo xefe de estudos.

- e. Se ao longo do ano académico algún alumno interno fose trasladado do centro penitenciario, o coordinador das ensinanzas para persoas adultas deberáselle comunicar esta incidencia ao xefe de estudos do centro EPA no que o alumno estea matriculado, para que desde este se facilite o seguimento de ensinanzas ou o traslado do expediente académico ao centro que corresponda.
3. Para os efectos de información e seguimento destas ensinanzas, comunicaránselle ao Servizo de Inspección Educativa todos os extremos contidos nesta circular.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2006.

O DIRECTOR XERAL DE FORMACIÓN
PROFESIONAL E ENSEINANZAS ESPECIAIS

Asdo.: Antonio Vázquez Vázquez

Ilmos. Sres. delegados provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra).